



MODIFICACIÓN POR MOR DAS OBRAS NO CGTD

1. O circuító

Coa organización da Sociedad Gimnástica de Pontevedra, o patrocinio do Concello de Pontevedra e Supermercados Froiz, e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e da Xunta de Galicia, celebraranse no CGTD de Pontevedra seis xornadas de atletismo:

- **1ª Xornada : Mércores 24 de abril:** *I Control Escola Atletismo SGP*
- **2ª Xornada: Mércores 19 de xuño:** *XXV Memorial Celso Mariño*
- **3ª Xornada: Mércores 26 de xuño:** *L Trofeo Boa Vila*
- **4ª Xornada: Mércores 3 de xullo:** *XLVIII Trofeo S. Gimnástica Pontevedra*
- **5ª Xornada Mércores 10 de xullo:** *XLVIII Trofeo Virxe Peregrina*
- **6ª Xornada: Pendente definir data:** *XXIX Trofeo Cidade de Pontevedra*

2. Probas por xornada

No seguinte cadro amosamos a previsión de probas a disputar nas diferentes xornadas. Dita previsión poderá sufrir modificacións se a organización así o estima.

Data	24/04/24*	20/06/24	26/06/24	03/07/24	10/07/24	Pendente
Carreiras	150	100	100	100	100	-
	500	200	400	200	400	-
	1000	400	100v	100v	100v	-
	2000	800	1000	1000	800	-
	220v	4x100	1500	1500	3000	-
Saltos	Lonx/Trip	Pértega	Altura	Pértega	Pértega	-
	Altura	Triplo	Lonxitude	Triplo	Lonxitude	-
Lanzam.	Martelo	Disco	Peso	Disco	Peso	-
	Pelota	Xavelina	Martelo	Xavelina	Disco	-
Menores	1000 obs	50-60-80	500/1000			-
	1500 obs	Xavelina	Pelota			-

*A xornada do 24/04/24 é prioritariamente para categorías inferiores



3. Participación

Poderán participar atletas con licenza federativa en vigor. Terán prioridade de participación atletas con licenza polos clubs do concello de Pontevedra, seguidamente atletas dos clubs filiais ou con acordo de colaboración coa entidade organizadora.

No caso de atletas doutras comunidades que queiran tomar parte nalgunha das xornadas do circuíto terán que solicitar a súa participación no email: info@sgpontevedra.com; cunha antelación de 20 días sobre a data da proba. A organización determinará se pode ou non participar.

4. Inscricións

As inscricións realizaranse a través do sistema online da web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 22:00 h. do sábado anterior a data da competición. Non se admitirán inscricións fóra de prazo.

5. Dorsais

Cada atleta retirará o seu dorsal na zona habilitada a tal efecto ata 45 minutos antes da súa proba. Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

6. Sancións

Calquera atleta coa inscrición realizada que finalmente non se presente nalgunha das xornadas, quedará sancionado sen poder competir na seguinte competición, que se inscriba e sexa admitido, organizada pola Sociedad Gimnástica de Pontevedra, salvo xustificación comunicada por escrito ao e-mail info@sgpontevedra.com. No caso de lesión deberá acreditar xustificante.